

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE HARDWARE PARA A SUBSTITUCIÓN DO CLÚSTER DA BASE DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO e A MIGRACIÓN Á VERSIÓN 11 DE ORACLE. Lectura informe técnico e apertura documentación económica.

Sendo as 13:30 horas do día 17 de setembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola oitava Tenenta de Alcalde, dona Rosana Rielo Rozas, en suplencia da Concelleira delegada da área de Economía, Emprego, Autónomos e Educación dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Esther Muñoz, polo Grupo Municipal do PSG-PSOE, dona Paz Abraira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do BNG, dona Angel Trabada, en representación do Grupo Municipal Popular (PP), don Manuel Núñez López, Concelleiro Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Excmo. Concello de Lugo, don Pablo López Paz, Titular da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo.

Asiste tamén o acto don Javier Pardo, en representación da empres ALTIA CONSULTORES, S.A.

Abre a sesión o Sra Presidenta e procédese por parte do Sra Secretaria a dar lectura do informe técnico redactado polo responsable do servizo de informática, onde se avalían as ofertas técnicas referidas ós criterios mediante xuízos de valor, incluídos no prego de especificacións técnicas.

De seguido transcríbese dito informe:

"En resposta á solicitude de informe técnico para a valoración das ofertas presentadas ó procedemento convocado para a contratación da **SUBSTITUCIÓN DO CLÚSTER DE BASE DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO E A MIGRACIÓN Á VERSIÓN 11 DE ORACLE**, teño que informar:

Que a este servizo achegáronse dúas ofertas, unha da empresa Altia Consultores e outra da empresa ASAC Consultores. As solucións técnicas presentadas por ambas mercantís cumpren coas especificacións expostas no correspondente prego de prescricións técnicas deste concurso.

Inclúese de seguido un esquema das características ofertadas por cada compañía:

	Altia	ASAC
Requisitos Xenéricos e integridade da información		
Escalabilidade	X	X
Modularidade	X	X
Compatibilidade	X	X

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: acta económica

Fiabilidade	X	X
Recuperación rápida	X	X
Simplicidade na xestión	X	X
Conformidade normativas técnicas e compatibilidade cos sistemas de software do Concello	X	X
Conformes coa lexislación comunitaria e nacional: calidade, ergonomía, medio ambiente, aforro enerxético, comp. electromagnética, radiación, seguridade. Obrigados: directivas europeas ou outras disposicións de obrigado cumprimento (Regulamentos comunitarios e nacionais). Seguridade: directiva 2001/95/CE	X	X
Alta calidade construtiva, de marca recoñecida	X	X
Fabricante: ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004.	X	X
Servidores (100% compatibles con Sun V440)		
Equipos en racks do CPD municipal e totalmente integrados	X	X
Número de servidores físicos: 2	X	X
Funcionamento baixo Solaris e Suse Linux. Homologados.	X	X
Formato: Rack 19" e de 1U de altura	X	X
Arquitectura SPARC.	X	X
1 procesador con 16 cores activables por licenza con 8 cores activados como mínimo.	X	X
32 GB de RAM con sistemas de corrección de erros e "memory mirroring"	64GB	X
Memoria de tipo DDR3 1600MHz ECC registered DIMMs	X	-
Configuración de módulos de memoria ofertada (reglas de poboación de módulos): valorándose que os procesadores teñan acceso á memoria a través de todas as canles dispoñibles.	(8x8GB) Dual Channel	-
2 discos duros 600 GB 10000 rpm SAS-2	X	X
Capacidade de ata 8 discos duros	X	X
Capacidade de ata 512GB de RAM	X	X
4 saídas Gbit Ethernet con capacidade de "bonding" e alta dispoñibilidade.	X	X
Tarxeta de xestión remota con posibilidade de apagado do servidor de forma remota mediante a placa de xestión, acendido do servidor de xeito remoto con posibilidade de poder entrar na BIOS remotamente no momento do test de arranque.	X	X
Fontes de alimentación e ventiladores redundantes.	X	X
Acceso redundante ó almacenamento consolidado: 8Gbps. Mínimo de 2 portos FC a 8Gb que deberán implementarse mediante un mínimo de dúas controladoras de almacenamento independentes.	X	1 soa controladora
Garantías e mantemento		
Todos os equipos, licenzas de software e servizos: 3 anos de garantía, dende o remate da instalación (recepción do proxecto).	Oracle Premier	Oracle Premier
Resolución incidencias <= 24 horas, se perda de funcionalidade ou servizo; unha xornada laboral no caso contrario.	-	-
Tempo de atención < 2 horas.	30'	60'
Nº de teléfono dispoñible de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00	24x7x365	24x7x365
Intervencións realizadas por persoal certificado (partner enterprise)	X	X
Monitorización	X	monitORA
XESTIÓN DO PROXECTO		
Descrición da metodoloxía empregada. Fases con tarefas: suministro, instalación, configuración, posta en marcha, formación	X	X

Posta en marcha en paralelo dos sistemas subministrados cos actualmente en uso	X	X
Documento proposta de xestión do proxecto: Organización (órganos), xestión de cambios e incidencias, compromisos adquiridos, proposta de control e seguimento	X	X
Instalación e configuración		
Montaxe	X	X
Instalación SOs	X	X
Conexión á rede SAN e á rede de datos	X	X
Integración dos equipos conformando os sistemas de procesamento	X	X
Configuración e optimización: funcionamento óptimo	X	X
Instalación software (Oracle Solaris10 ou 11)	X	X
Probos de funcionamento individual e integrado	X	X
Integración nos procedementos de copia de seguridade	-	X
Tarefas para permitir recuperación e posta en funcionamento en caso de fallos, ou de necesitar a reinstalación do equipo	X	X
Migración de datos	X	X
Etiquetado dos equipos e inclusión no inventario municipal.	-	X
Garantía da dispoñibilidade e continuidade dos servizos e aplicacións en produción	X	X
Elaboración e probos de procedementos para recuperación de datos e de funcionalidade (diferentes escenarios de incidencias); especialmente os relacionados co "clúster"	X	X
Tarefas de recuperación con mínima intervención do persoal técnico	X	X
Migración Oracle		
Dúas persoas con certificación oficial Oracle DBA. Imprescindible presentala. Acreditar experiencia en proxectos similares >= 5 anos	3 ODBA	3 ODBA
Provisión e instalación do software Oracle actualizado ó último nivel de patchset recomendado por Oracle e compatible con TAO	X	X
Configuración do sistema de alta dispoñibilidade de Oracle. Imprescindible "ORACLE RAC"	RAC	RAC Extended
Creación das instancias da BD e creación, parametrización e dimensionamento da Base de Datos.	X	2º Fail Group
Probos de alta dispoñibilidade e balanceo de carga. Creación e validación dos servizos en clúster.	X	X
Migración dos datos das aplicacións TAO e Portal Web. Fóra do horario laboral (nocturno, fin de semana)	X	Se risco de cont. Negocio ou parada do servizo
Adecuación das aplicacións para traballar contra o novo sistema	-	-
Valorarase o mínimo impacto posible no funcionamento do Concello.	Transportable Talblespaces	Export DataPump
Migración previa de validación (maqueta portal e TAO); probos de caídas de servizo e apagado de un dos nodos	X	X
Implantación dun plan de restaurado e recuperación (dentro dos procedementos de recuperación definidos)	X	X
Probos do ciclo "backup-restore-recover".	-	X
Documentación		
Planificación inicial e cronograma	-	X
Probos de verificación	-	X

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: acta económica

Mapa de topoloxía	-	X
Esquema de configuración	-	X
Mapa da configuración do almacenamento	-	X
Mapa de zona	-	X
Procedementos de recuperación	-	X
Resultados das probas	-	X
Formación	16h	21h
Políticas de seguridade implantadas	X	X
Perfis de administración	X	X
Optimización	X	X
Recuperación	X	X
Backup	X	X
Monitorización	X	monitORA
Integración no sistema de monitorización do Concello.	X	X
DURACIÓN DO CONTRATO		
Subministración: un mes dende a sinatura do contrato	Sobre C	Sobre C
Implantación: <= 2 meses a partires da subministración (min 1 mes)	Sobre C	Sobre C
Equipos e servizos: garantía de 3 anos.	X	X
CONDICIONS XERAIS		
Requirido: ISO 9001/2000/2008	X	X
Varorarse: ISO 27001; ISO 20000	Sobre C	Sobre C
Acreditar "partner" do fabricante	Gold	Gold
Acreditar Oracle DBA de dous técnicos con experiencia mínima de 5 anos	3 ODBA	3 ODBA
EQUIPO DE TRABAJO		
Certificacións Oracle DBA.	X	X
Número persoas de soporte ó equipo do proxecto (técnicos)	700	120
Número persoas e perfís do persoal do equipo	6	8
Formación académica, cualificación técnica e experiencia do persoal do equipo	6 Sup	3 Sup, 3 Med, 2 FPs
SOLVENCIA TÉCNICA		
Proxecto de similares características, e importe igual ou superior ó tope de licitación do presente prego, que tiveran lugar nos derradeiros 3 anos.	X	-
PROTECCIÓN DE DATOS		
O adxudicatario comprométese a seguridade dos datos	X	X
O adxudicatario comprométese a cumprir o documento de seguridade	X	X
O licitador comprométese a gardar sxiilo e segredo profesional	X	X

Como se desprende das dúas ofertas, ambas empresas presentan moi boas solucións, baseadas nos mesmos equipos servidores, 100% compatibles cos existentes, Sun V440, ós que van a substituír, e que corresponden ó modelo Oracle/Fujitsu M10-1, con tecnoloxía de procesador Sparc (RISC desenvolvido por Sun Microsystems).

Ambas incorporan tamén, en cadansúa solución, a opción de virtualizar máquinas Solaris por medio do software de base VM Server, software propietario de Oracle, e que se distribúe sen custo nas versións de software que se inclúen no proxecto.

Dada a similitude das ofertas, faise fincapé nas melloras que aportan as compañías, en concreto, as que permiten unha discriminación na avaliación.

- Servidores

Unha mellora destacable é que a empresa **Altia** inclúe en cada servidor o dobre de memoria (**64 GB**) que a esixida no prego (32 GB), non facendo o correspondente a empresa ASAC. Por outra banda, Altia tamén indica que a capacidade máxima de memoria pode aumentar ata 1TB, debido á evolución tecnolóxica dos módulos de memoria, cousa que non indica na súa oferta ASAC. Esta última mellora **non se terá en conta na avaliación**, dado que as máquinas ofertadas son do mesmo modelo, e a variación tecnolóxica afecta, polo tanto, a ambas, independentemente de que os ofertantes o sinalen explicitamente ou non.

Tamén considérase unha mellora o emprego de 8 módulos de 8GB de memoria, que referencia Altia, o utilizar a característica Dual-Channel, soportada pola placa base destas máquinas e da tecnoloxía de memoria empregada (DDR3). Con esta configuración "dual channel", a velocidade da comunicación entre a memoria e a CPU vese incrementada ó aumentar as canles dispoñibles de acceso, sempre que se sigan as regras de poboación dos módulos, tal e como sucede na solución aportada por Altia.

Ambas ofertas ofrecen acceso á cabina de almacenamento a 8Gbps, a través de dous portos FC. Segundo se esixe no prego, Altia faino empregando **dúas controladoras de almacenamento independentes**, cousa que non fai ASAC, o que diminúe a tolerancia a fallos ante avarías das HBAs.

- Garantías e mantemento

En relación ás garantías e ó mantemento, ambas empresas ofertan Oracle Premium Support por tres anos, e dan un servizo de atención 24x7 durante o período de contrato. A única diferenza apreciable entrambas as dúas ofertas é o tempo de atención, que no caso de **Altia é de 30 minutos** e no de ASAC é de **1 hora**. As intervencións, en ambos casos, serán realizadas por persoal debidamente certificado nos produtos contratados.

Con respecto á monitorización do sistema, ASAC ofrece o uso dunha ferramenta propia, denominada monitORA, deseñada para controlar os aspectos que interveñen nas contornas Oracle (bases de datos en diferentes versións, discos ASM, sistema operativo, listener, ...), e que non son monitorizables con outras ferramentas comúns. Cubre a Monitorización, xestión de alertas e xeración de informes. A implantación desta ferramenta considérase unha mellora na oferta.

- Instalación e configuración

No referente ós servizos de instalación e configuración dos novos sistemas, a oferta de ASAC diferénciase no ofrecemento de manter instaladas dúas versións distintas de Oracle (10 e 11), se o Concello o considera oportuno, así coma no volume de probas, nos procedementos de recuperación de datos, e na integración cos procedementos de copia de seguridade. Pola súa banda Altia reforza as probas de funcionamento individual e integrado dos sistemas e a garantía de dispoñibilidade e continuidade dos servizos e aplicacións en produción, segundo se indica na súa oferta.

- Migración BBDD Oracle

O persoal asignado por ambas compañías para realizar as tarefas de migración á nova versión de Oracle, está adecuadamente certificado en administración de BBDD de Oracle e, en ambos casos, asignan a tres persoas coa certificación de Oracle DBA. A provisión do software e a actualización ó último nivel de "patchset" é semellante en ambas as dúas solucións.

Pola súa banda, ASAC oferta unha clara mellora no tocante á opción RAC que empregará, Oracle RAC Extended que, pese a non implicar un maior custo na licenza (ven incluído na versión Oracle a implantar), si require un conxunto de traballos para duplicar a BBDD e preparar a instalación para unha futura migración dun segundo conxunto de discos, configurado como segundo "grupo de fallo", a unha nova cabina replicada. Isto evitaría realizar unha migración completa cando o Concello adquira, tal e como está previsto neste momento, unha cabina de almacenamento similar á existente,

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: acta económica

e que se instalaría noutro centro municipal para prover tolerancia a fallos a nivel de CPD. A migración á nova cabina quedaría limitada basicamente ó paso dun "grupo de fallo" á nova cabina e á migración física dun dos servidores ó novo emprazamento.

Con respecto ós traballos relativos a este punto, xurdiu unha dúbida en canto ó parágrafo da oferta de ASAC na que indica que "los servicios relacionados con la conversión a RAC Extended no están incluídos en esta proposta, unicamente se contempla la preparación del entorno para realizar una conversión a Oracle RAC Extended de la forma menos traumática posible para el Concello de Lugo". Dada a ambigüidade dese parágrafo, e dado que do contexto extraíase a conclusión dunha relación tarefas máis amplas, solicitouse aclaración por e-mail á dita mercantil. Xúntase ó remate deste documento a aclaración proporcionada, que non deixa lugar a dúbidas sobre o ofertado, e que se ten contemplado na avaliación.

Pola súa parte, Altia centra a súa oferta en limitar ó máximo o impacto sobre o funcionamento normal do Concello, como é reducindo considerablemente o tempo requirido para a migración final, ou coa total dispoñibilidade para realizar todas as tarefas relativas á migración (as que indique o Concello) fóra do horario laboral, en horario nocturno, fin de semana, ... ASAC indica que realizará as tarefas fóra do horario laboral "no caso de que exista risco de parada de servizo ou na continuidade do negocio", sendo previamente consensuado co Concello.

Ó empregar "Transportable Tablespaces" para efectuar a migración, Altia reduce considerablemente o tempo requirido para a mesma, fronte ó uso do "Export Datapump", ofertado por ASAC, dado que, segundo indica a propia guía de administrador de BD Oracle (Oracle Database Administrator's Guide), "mover datos empregando tablespaces transportables é moito máis rápido ca realizar unha exportación/importación ou descarga/carga dos mesmos datos. Isto débese a que os arquivos de datos, que conteñen todos los datos reais, simplemente se copian á ubicación de destino, e o "data pump" (export/import en release anteriores) emprégase soamente para transferir os metadatos dos obxectos do tablespace á nova base de datos".

Ambas empresas ofertan unha migración previa de validación, esixida no prego, incluído tamén o conxunto de probas ante caídas de servizo, apagado dos nodos, ...

- Formación

Con respecto á formación ofertada, ambas empresas inclúen un conxunto de accións e provisión de documentación axeitados. Altia oferta 16 horas de formación a distribuír coma máis conveña ó Concello. ASAC oferta tres xornadas de formación que, tendo en conta o horario de traballo, correspondería a unhas 21 horas lectivas. Tamén inclúe a maiores unha parte de formación centrada na administración do SXBD Oracle, e outra na súa propia ferramenta de monitorización moniORA. Asac limita o número de alumnos a 5.

Pola súa parte, Altia oferta un "coaching" tecnolóxico a realizar durante toda a vixencia do contrato, de xeito continuo.

- Equipo de traballo

A experiencia laboral esixida en proxectos similares ó actual, está correctamente recollida nos currícula do persoal asignado ó proxecto por parte das dúas empresas, sendo abondo para a correcta implantación do proxecto en ambos os dous casos.

Altia referencia seis persoas, todas elas con titulación superior. ASAC referencia oito, tres con titulación superior, tres con titulación media e dúas con formación profesional. En ambos os casos, tres dos técnicos posúen a certificación Oracle DBA, e todos os traballadores amosan dispor de ampla experiencia en tarefas similares ás ofertadas.

Dado que en ningunha das ofertas indican a porcentaxe de dedicación de cada traballador, entendo que **non é posible avaliar o número de traballadores**, aínda que si a titulación aportada. Neste caso avántaxa lixeiramente a empresa Altia.

Con respecto ó número de persoas da compañía que poden dar servizo de soporte ó equipo de traballo, ambas empresas son eminentemente tecnolóxicas, estando a plantilla formada maiormente por persoal técnico. Altia dispón duns **700** traballadores fronte ós **120** de ASAC, o que permite considerar unha capacidade de soporte ó equipo de traballo deste proxecto moito maior para a primeira empresa.

Certificacións de calidade

A posesión das certificacións ISO 27001, de seguridade dos sistemas de información e ISO 20000 de Xestión de servizos de TI, deberán avaliarse coma criterios obxectivos, polo que será no sobre C das ofertas onde se incluírán as certificacións do cumprimento dos ditos estándares.

ASAC inclúe na oferta un certificado da posesión da **ISO 166002**, sobre innovación en sistemas de TI, pero **a validez do mesmo ten rematado** o 15 de outubro de 2013, polo que non se pode considerar acreditada e, polo tanto, **non é avaliable**.

Con respecto á posesión doutras certificacións, Altia certifica dispor da CMMI-DEV nivel 3, e ASAC da CMMI-DEV nivel 2, que corresponden a un modelo de madurez de mellora dos procesos para o desenvolvemento de produtos e de servizos. No prego de especificación técnicas indicábase coma avaliáveis "Certificación de niveis de "Integración de Modelos de Madurez de Capacidades" para Desenvolvemento CMMI-DEV (Nivel 3 ou superior)", polo que non se terá en conta a certificación de nivel 2. É necesario considerar que unha distinción crítica entre os niveis de capacidade 2 e 3 é o alcance dos estándares, descrições de proceso e procedementos. No nivel de capacidade 2, os estándares, descrições de proceso e procedementos poden ser bastante diferentes en cada instancia específica do proceso. No nivel de capacidade 3, os estándares, descrições de proceso e procedementos para un proxecto adáptanse a partir do conxunto de procesos estándar da organización, para axustarse a un proxecto ou unidade organizativa particular, e son, polo tanto, máis consistentes. Outra distinción importante é que no nivel de capacidade 3, os procesos descríbense normalmente de forma máis rigorosa que no nivel de capacidade 2.

Os criterios de valoración mediante xuízos de valor, incluídos no prego de especificacións técnicas, xunto coa puntuación considerada para cada oferta, en base ó exposto anteriormente neste informe, son os que seguen:

	Puntos	Altia	Asac
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR			
Plan de proxecto de migración Oracle RAC Extended, Transportable Tablespace, ...	26	24	16
Perfil do equipo de traballo Número persoas de soporte ó equipo do proxecto (técnicos) Número persoas e perfís do persoal do equipo (Oracle DBA) Formación académica, cualificación técnica e experiencia do persoal do equipo	8	7	3
Outras melloras do hardware Memoria RAM Saídas Gbit Ethernet Redundancia de compoñentes (agás fontes de alimentación, ventiladores e acceso ó sistema de almacenamento, que deberán estar redundados necesariamente).	5	5	0
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello (posta en produción fóra do horario laboral ...)	4	4	2

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: acta económica

Tempos de resposta e resolución de incidencias, servizos de valor engadido e outras melloras referentes ás Garantías e Mantemento.	3	3	1
Formación (horas, contidos e "coaching" tecnolóxico)	2	1	1
Posesión doutras certificacións. CMMI-DEV nivel 3, ...	1	1	0
Totais	49	45	23

É canto teño que informar.

Lugo, 11 de setembro de 2014

Asdo.: Eduardo Risco Bóveda

Analista Programador DT".

Así pois visto dito informe onde se lle otorga a maior puntuación á empresa **ALTIA CONSULTORES, S.A.**, a continuación procédese á apertura dos sobres C, (oferta económica), relativa ós criterios avaliábeis automaticamente, co seguinte resultado:

- **ALTIA CONSULTORES, S.A.**, oferta os seguintes prezos:
 - Propón como prezo de contrato a cantidade de 59.000 euros, polo que sumado o IVE (21%): 12.390,00 euros, resulta un total de **71.390,00 EUROS, IVE incluído.**
 - Oferta como ampliación do número de cores activados por máquina: **8 cores.**
 - Oferta un tempo para a instalación, configuración e probas: **30 días naturais dende a subministración dos equipos.**
 - Presenta a posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información.
 - Presenta a posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TÍ.

- **ASAC COMUNICACIONES, S.L.**, oferta os seguintes prezos:
 - Propón como prezo de contrato a cantidade de 43.625,00 euros, polo que sumado o IVE (21%): 9.161,25 euros, resulta un total de **52.786,25 EUROS, IVE incluído.**
 - Oferta como ampliación do número de cores activados por máquina: **0 cores.**
 - Oferta un tempo para a instalación, configuración e probas: **30 días naturais dende a subministración dos equipos.**
 - Presenta a posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información.
 - Presenta a posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TÍ.

Así pois a puntuación quedaría resumida no seguinte cadro:

EMPRESAS	OFERTA TÉCNICA	PREZO	NÚMERO DE CORES	TEMPO DE INSTALACIÓN	POSESIÓN DA ISO 27001	POSESIÓN DA ISO 20000	TOTAL PUNTOS
ALTIA	45	16,58	8	11	1	1	82,58
ASAC	23	30	0	11	1	1	66

Agora ben, os membros da Mesa aprecian a existencia de baixa temeraria por parte da mercantil ASAC COMUNICACIONES S.L., toda vez a súa oferta económica representa unha porcentaxe de baixa que excede en cinco unidades a media aritmética das porcentaxes de baixa das dúas empresas licitadoras. (cláusula décima dos pregos)

Esto supón que , de conformidade co artigo 152 do TRLCSP, a dita empresa xustifique a súa oferta económica , logo do cal, e á vista da xustificación e os informes oportunos, o organo de contratación decida sobre a súa admisión ou exclusión da clasificación.

Esta admisión ou exclusión pode ter incidencia no caso de máis de dous licitadores, pero á vista das puntuacións obtidas en cada un dos apartados valorables a efectos de adxudicación deste contrato, resulta que a admisión ou exclusión da oferta de ASAC non incide no resultado final xa que esta non resultaría en conxunto a oferta economicamente máis ventaxosa, polo que por un principio de economía e eficacia é conveniente continuar coa tramitación do procedemento e seleccionar á empresa ALTIA CONSULTORES S.A.


Non obstante , e toda vez que un hipotético suposto de retirada de oferta por parte de ALTIA ou mesmo o rexeitamento da proposta de adxudicación pode supoñer un cambio de licitador seleccionado que podería dar lugar - de non estudar neste momento a xustificación que ofrezca a empresa ASAC da súa oferta económica - á selección da dita empresa ASAC incurso inicialmente en temeridade.

Por todo o exposto a Mesa de Contratación acorda **seleccionar á mercantil ALTIA CONSULTORES S.A** por ter presentado a oferta economicamente máis ventaxosa e requerir a presentación de documentación e garantía definitiva en aras a proceder á adxudicación do contrato. Asimesmo a Mesa acorda **conceder un trámite de audiencia á empresa ASAC CONSULTORES, S.A. por un prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte á recepción deste requirimento co fin de que proceda a xustificar a súa oferta económica.**

A PRESIDENTA

 Asdo.: Rosana Rielo Rozas



A SECRETARIA

 Asdo.: Ana Tabarés Martínez